




Proxecto PLAMBE 2022/23

Liñas prioritarias de actuación

Biblioteca Escolar

Curso 2022/23





1. Introducción

Na memoria do PLAMBE 2021-22 indicamos que temos que partir da realidade de que o IES Lamas de Castelo é un moi **pequeno centro educativo do ámbito rural**, suxeito aos recortes de persoal que ordena a Administración, e que nos últimos anos foi eliminando profesorado, coa acumulación de carga lectiva e de cargos que iso supón para os que aínda quedamos no centro. Así que, poñan o que poñan as [Instrucións anuais sobre a organización e funcionamento BE](#), ou na propia [convocatoria anual do PLAMBE](#) (nomeadamente no seu Artigo 10. *Criterios de selección*, punto 6b) na práctica, a BE non é precisamente unha das prioridades a nivel de concesión de horarios.

2. Organización e xestión. A biblioteca como «laboratorio creativo de aprendizaxes»

- Alta de usuarios.** Alta de todo o alumnado e profesorado novo. Fomentaremos o uso da nosa BE coa alta de nais e pais do alumnado dentro do noso programa *“Familias lectoras”*.
- Coidado e mellora dos fondos.** Aumentaremos a variedade temática dos fondos da BE, incluíndo fondos dixitais.
- Mellorar o uso e importancia das TIC.** Desexamos ampliar a presenza e uso das TIC en relación coa BE, variando tamén os formatos das publicacións (nunca se fixo nada en vídeo, e abandonouse o traballo en audio dende o peche da radio escolar).
- Diversificación do uso da BE,** abrindo a biblioteca a obradoiros creativos, propoñendo a celebración de diversas actividades na biblioteca no recreo (lecturas públicas, concursos, ludoteca...) en colaboración con departamentos didácticos e outras entidades locais (librería, Concello...).

3. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, integración no tratamento do currículo e contribución á AMI e competencias básicas

3.1. Dinamización e promoción dos recursos da BE

- Ampliación e mellora nos horarios de atención ao público.** Desexamos manter ou aumentar o Equipo de BE e horarios de dedicación. Sería interesante poder abrir e atender á comunidade en horarios máis aló do recreo.
- Implicación dos departamentos didácticos.** Buscaremos mellorar na implicación dos departamentos didácticos no fomento da lectura, competencias lectoras e AMI mediante o uso da BE, mediante:
 - a axuda na selección de material bibliográfico para todas as materias que queiran contribuír á promoción lectora e a AMI. Tamén, creando un repositorio de recursos dixitais a publicar nas nosas páxinas web (oficial do centro ou AV);
 - a concienciación da importancia de revisar e facer expurgo nas diferentes seccións da CDU das materias dos departamentos didácticos, para facer espazo a novo material;
 - a reserva da BE para o seu uso durante as sesións de clase nas materias, coa fin de establecer un calendario *cunha serie de visitas mínimas por trimestre/ curso*. (Folla de reserva no novo Proxecto Lector de Centro);
 - a proposta dun Proxecto Documental Integrado que implique a varios departamentos e ao maior número de alumnado posible do centro, e teña a BE como base de recursos.
- Mellora na difusión dos servizos e actividades da biblioteca na Internet.** Ata agora, tan só utilizamos os medios oficiais ([web do centro](#), AV), pero son precarios no seu manexo e efectividade, e



insuficientes a nivel de difusión xeral nas redes. Non temos presenza en RR SS. Desexamos poñernos ao nivel de outras Bibliotecas Escolares galegas que si o fan, e nos superan neste punto.

3.2. Integración no tratamento do currículo

- a) **Mellora da presenza da BE na documentación oficial do centro.** Renovamos e aprobamos o Proxecto Lector en maio de 2022. Cómpre revisar a documentación publicada na web do centro, actualizar a que corresponda, e mirar de integrar, de toda a que se elabora por parte da biblioteca a máis relevante dentro da documentación do centro. (Polo de agora, vaise publicando toda na [páxina de presentación da BE](#)).
- b) **Posta en marcha do novo Proxecto Lector de Centro.** Cun novo PLC revisado e acabado de aprobar, cumprirá facer efectivas as medidas e propostas que nel se especifican, como por exemplo: que o profesorado faga sesións lectivas nela, planificar e realizar unha *Hora de ler*; ou programar un Proxecto Documental Integrado... todo isto por primeira vez no centro.

3.3. Contribución á AMI e ao desenvolvemento das competencias básicas

Unha BE variada e amplamente utilizada está desenvolvendo as competencias básicas, a través da lectura e escritura, e tamén contribúe na alfabetización mediática e informacional. (Ver punto 4)

4. Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional

a) Formación de usuarios:

- **Recuperación das actividades presenciais de formación de usuarios** na biblioteca co alumnado, particularmente o de primeiro curso. Facelas extensibles a quen puidera necesitalas e solicitalas.
- **Revisión e actualización das guías** de uso da biblioteca, adecuándoas mellor aos destinatarios (profesorado novo/ departamentos; familias, alumnado...).

b) Adquisición da competencia informacional

- **ITI.** Mantemos a oferta da materia de libre configuración autonómica de ITI (Investigación e Tratamento da Información) en 2ºESO asociada á BE: a biblioteca úsase como aula e recurso.
- **Implicación dos departamentos na adquisición da AMI.** Contribuiremos a que o alumnado adquira estas competencias tamén dende o traballo das diferentes materias e áreas, poñendo á súa disposición os recursos materiais (fondos) e a colaboración do equipo de BE (RRHH). Coa posta en marcha dun Proxecto Documental Integrado, melloraríamos notablemente todo isto.
- **TIC e Biblioteca escolar.** Desexamos mellorar no uso das TIC dentro das actividades da BE, para contribuír mellor á alfabetización mediática. (Ver máis arriba, no punto 2c)

5. Fomento da lectura e desenvolvemento do proxecto lector de centro

- a) **Elaboración e actualización do Plan Anual de Lectura.** Nel, insistiremos na importancia da colaboración dos diferentes departamentos para unha realización efectiva das actividades de fomento da lectura. E, como sempre, no PAL incluiremos as actividades descritas a continuación.
- b) **Apadriñamentos lectores.** Manteremos esta actividade co alumno da unidade de EE, aquel con NEE que teñamos e tamén cos nosos veciños da E.I. A Galiña Azul (gardería), podendo ampliar ás familias (irmáns pequenos), se se nos permite darlles entrada á biblioteca. Para iso, ampliaremos e variaremos pouco a pouco o [material específico da Biblioteca Escolar](#).
- c) **Voluntariado.** Fomentaremos a colaboración do noso alumnado na xestión da Biblioteca Escolar, adheríndonos á convocatoria anual das Bibliotecas Escolares Solidarias, na modalidade de voluntariado na BE (secundaria), coa fin de continuar recoñecéndolle de maneira oficial esta labor.
- d) **Club de lectura.** Levamos dous cursos poñendo en marcha esta actividade, tamén dentro das convocatorias oficiais, e desexamos continuar. Prevedemos que a nivel de temáticas, volveremos a traballar co *Feminismo, igualdade e identidades, a ciencia e a banda deseñada*.



- e) “**Familias lectoras**”. Continuaremos tentando de implicar e darlle entrada ás familias na nosa biblioteca. Ben a través do préstamo a través das nosas *bolsas de “familias lectoras”* (unha especie de mochila viaxeira, pero máis pequeno, lixeiro e manexable), ben a través da organización de actividades específicas.
- f) **Outras actividades**. Desexamos manter ou ampliar a oferta de charlas, obradoiros ou encontros con persoas relacionadas co mundo da lectura: autores, editores, ilustradores, libeiros... etc.

6. Avances cara a unha biblioteca inclusiva.

- a) **Diversificación dos fondos bibliotecarios**. Ampliaremos, diversificando, os fondos bibliotecarios tendo en conta todos os sectores receptores: alumnado pero tamén profesorado, nais, pais e familiares, alumnado con NEE... Desexariamos formarnos e explorar as posibilidades da Lectura Fácil, e poñernos en contacto coa ALF ou outras entidades que a traballen.
- b) **Implicación directa das familias**: necesitamos establecer unha canle de comunicación directa e recíproca por un lado, e por outro fomentar e aumentar a súa participación, xa como usuarios (ver máis arriba punto e- “Familias lectoras”), xa como participantes nos encontros, charlas e obradoiros que se poidan organizar dende a BE.

7. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos.

- a) Criterios e procedementos: datos estatísticos do programa de xestión (Meiga ou Koha) comparados con anos anteriores, seguimento das actividades realizadas, cumprimento das normas, colaboración dos departamentos, grao de satisfacción dos servizos da BE, guías publicadas...
- b) Instrumentos: enquisas de elaboración propia, modelos oficiais de enquisas das Bibliotecas Escolares para alumnado e profesorado.

8. Persoa designada como responsable. Equipo de apoio. Horario previsto.

Persoa responsable: Reneé Huerta Latrille. **Equipo de apoio:** M^a Luz Barreiro Otero.

Horario mínimo previsto: Non se pode asegurar, pois o cadro de persoal e horarios do curso 2022-23 aínda non está configurado. Porén, tentaremos de asegurar a apertura durante todos os recreos da semana, a atención durante as horas de dedicación específica da coordinadora, e continuaremos a pedir a inclusión doutros membros no equipo con dedicación horaria dispoñible.

Para o mellor cumprimento disto, evitando a sobrecarga das ata agora dúas únicas profesoras con dedicación horaria na BE (hai tamén moito traballo burocrático: xestión das adquisicións e catalogación, xustificación de contas de diversas partidas orzamentarias, elaboración de Proxectos, Plans e solicitudes varias, memorias...), necesitamos que a Inspección Educativa e os equipos directivos comprendan e accedan á concesión de horarios e profesorado para **ter un equipo mínimo**.

Carnota, 23 xuño de 2022

A coordinadora da biblioteca

O X. Estudos do IES Lamas de Castelo

Asdo.: Renée Huerta Latrille

Asdo.: Iván Díaz Villaverde